



## **MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AO PLENO DO CONCELLO DE CERDIDO**

Don. como membro do Grupo Municipal Socialista do Excmo. Concello de Cerdido ao amparo do disposto no art. 97/3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante ese Pleno Corporativo a seguinte:

### **MOCIÓN PARA A CONFECCIÓN DE PROXECTO DE SANEAMENTO NA ZONA DE Freis, Díaz e Regueirolongo**

#### **EXPOSICIÓN.**

Na pasada lexislatura un dos apartados que máis pulo recibiu, foi, sen dúbida, o **tratamento do auga e o saneamento** ben pola execución de obras como:

- Melloras
  - Dos bombeos do río.
  - Da Potabilizadora.
  - Do saneamento.
- Saneamentos en:
  - Cruz dos Novás
  - Os Casás
  - Cruz encarnada

Ou a posta en marcha de iniciativas que, nestes intres, estanse a executar como:

- Saneamento en:
  - Porto
  - Cancelas
  - Pozadauga
- Mellora da Depuradora de Residuais.

Estas fortes inversións, superiores aos 400.000euros, financiadas pola Xunta, Deputación e Concello, requiren un novo pulo para completar noso Concello, sobre todo, naquelas zonas nas que poida ser máis favorable a instalación deste servizo.



Polo anteriormente exposto o Grupo Municipal Socialista formula a seguinte Moción, co gallo de que o Pleno se pronuncie sobre a mesma e adopte os seguintes:

## **ACORDOS**

1. Estudar e confeccionar os proxectos de saneamento da seguinte zona, e outras que poidan estimarse:

### **Díaz, Freis, Regueirolongo e A Barrosa**

2. Dirixirse a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial solicitando financiamento para levar a cabo estas obras.
3. Facultar á Alcaldía-Presidencia ou en quén esta delegue para realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a bo fin este proxecto.

CERDIDO, a 28 de abril de 2008